



CUADRANTE



Revista cultural da
«Asociación Amigos de Valle-Inclán»

O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (II)

VALLE-INCLÁN EN GALEGO

VALLE-INCLÁN E A «SOCIEDAD DE LOS AMIGOS DE GALICIA»

EL MAR AROSANO EN VALLE-INCLÁN

O CINEMA E O RETABLO DE VALLE-INCLÁN

*MÁS ALLÁ DE LA ADAPTACIÓN. PRESENCIA DE VALLE-INCLÁN
EN EL CINE ESPAÑOL*

DEL CINE Y SUS ALREDEDORES EN VALLE-INCLÁN

VALLE-INCLÁN: LA DISPARIDAD DE LO TRÁGICO

Amigos
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

CUADRANTE

PRAZA VELLA, 9
VILANOVA DE AROUSA
APARTADO DE CORREOS Nº 66
Xullo de 2004

Director:

Gonzalo Allegue

Subdirector:

Francisco X. Charlín Pérez

Secretario de Redacción

Víctor Viana

Consello de Redacción:

Xosé Luis Axeitos
Ramón Martínez Paz
Xaquín Núñez Sabarís
Xosé Lois Vila Fariña
Ramón Torrado

Xestión e administración:

Pablo Ventoso Padín
Ángel Varela Señoráns

Ilustracións:

Marcela Santórun (*ilustración capa*)
Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos*)

Deseño e maquetación:

Nieves Loperena

Imprime:

Gráficas Salnés, S.L.

Dep. Legal: PO-4/2000

I.S.S.N.: 1698-3971

SUMARIO:

Xosé Luis Axeitos:

O valleinclanismo na cultura galega (II) pax. 5

Francisco X. Charlín Pérez:

Valle-Inclán en galego.....pax. 12

Xoán Guitián:

Valle-Inclán e a «Sociedad de los Amigos de Galicia».....pax. 33

Jesús Blanco García:

El mar arosano en Valle-Inclán.....pax. 43

Eulogio R. Ruibal:

O cinema e o Retablo de Valle-Inclán.....pax. 54

José Luis Castro de Paz:

Más allá de la adaptación. Presencia de Valle-Inclán en el cine español.....pax. 64

Luis Miguel Fernández:

Del cine y sus alrededores en Valle-Inclán.....pax. 76

Juan A. Hernández Les:


Valle-Inclán: la disparidad de lo trágico.....pax. 86

Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.

A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.



Cuadrante é membro de ARCE,
(Asociación de Revistas Culturais de España).



O VALLEINCLANISMO NA CULTURA GALEGA (II)

Xosé L. Axeitos
(Da Real Academia Galega)

Con esta segunda entrega seguiremos a facer un percorrido polo tratamento que a prensa editada en Galicia, fundamentalmente, adicou ó escritor de Vilanova. Non pretendemos máis que chamar a atención sobre as liñas esenciais que debuxa a recepción da figura e da obra do mestre de Arousa. Somos conscientes de que deixamos fóra moitos actos receptivos, algúns de gran transcendencia, como congresos e diversas publicacións académicas que, non obstante, tampouco modificarían esencialmente o noso esquema, configurado sobre dúas extremas visións: aceptación ou rexeitamento, apenas matizadas por certas posicións afíns.

Incluso certas opinións, aparentemente alonxadas destes extremos, como as do seu fillo Carlos cando denuncia o derrubo do busto de don Ramón no monte da Curotiña, rematan cunha nada discreta acusación emparentando ós anónimos autores da desfeita coas palabras aguilloadas do manifesto de Manuel Antonio.

Un dos extremos, como xa temos visto no artigo anterior, está representado pola opinión que mantén don Ricardo Carballo Calero que, con ocasión da polémica sobre a posible tradución da obra teatral de Valle ó galego, di o seguinte:

«Lembremos o entusiasmo con que se ten acentuado o perfil galego de Valle-Inclán. Mesmo o seu antic Calderonismo tería raíces nacionais galegas. Outros opinamos que *Los cuernos de Don Friolera* non reflexan a concepción do honor castellano propia dos galegos, senón mais ben a concepción do honor cavaleiresco propia do axuda de cámara de Don Pedro Calderón. As fontes do esperpento están na picaresca española e no sainete madrileño. Mas os pangaleguistas ven-no todo baixo o aspecto de galeguidade.»¹

No outro extremo opinións moi recentes como a de José A. Ponte Far, coñecedor das teses ó respecto do profesor Carballo Calero, saúda con entusiasmo unha *Historia de la Literatura Galega* que adica un tomo ós escritores galegos que somente escribiron en castelán. E remata así a súa proposta:

«Resumiendo: la lengua determina a qué literatura pertenece una obra. Pero el talante, la visión del mundo que se tiene por haber nacido en una tierra tan condicionadora como la gallega, los materiales literarios que crecen y configuran todo un mundo novelístico que recrea el natural, se convierten en razones y argumentos sólidos y suficientes para considerar gallegos, en toda su amplitud y en el más generoso sentido del reconocimiento, a todos estos escritores que escribieron o escriben en castellano.»²

¹ R. Carballo Calero, «O verdadeiro Valle-Inclán» (*La Voz de Galicia*, 27-IV-1984)

² José A. Ponte Far, «Escritores gallegos» (*La Voz de Galicia*, 6-XII-03). Defende, con parecidos argumentos, a mesma tese en «Valle y Galicia» (*La Voz de Galicia*, 13-XII-03)

Tamén Valentín Paz Andrade, nesta última liña, manifesta argumentos parellos no seu libro *La anunciación de Valle Inclán* (Losada, Buenos Aires, 1967) e que resume nunha entrevista de Francisco Pablos:

«Tengo la admiración de todos los escritores y, en general, todos los lectores de Valle-Inclán, tenemos por una figura tan excepcional. Pero además, venía minándome la idea de que el aspecto gallego de Valle-Inclán, es decir, sus raíces gallegas, y sobre todo, el lanzamiento de Valle-Inclán como gran escritor, ayudado por escritores gallegos, no se había difundido bastante, ni los libros biográficos y críticos sobre él resaltaban suficientemente este aliento primerizo de Galicia, a favor de figura tan importante»³

Con ocasión da celebración no Museo de Pontevedra dun congreso sobre Valle —coas intervencións de Varela Jácome, Lluís Pascual, Nieva, Zamora Vicente, etc— en setembro de 1983, José Ruibal publicará un artigo no que estudia polo miúdo os aspectos galegos en algunha das súas obras⁴ sumándose deste xeito ós que consideran, dalgún xeito, como galega a obra de don Ramón.

Bordean esta actitude pangaleguista e cristobalista, tal como a denomina o profesor Carballo Calero⁵, os artigos de Armando Fernández Mazas e de Antonio Odriozola publicados no xornal *Faro de Vigo*. O primeiro, con ocasión do Día das Letras Galegas de 1984, publica o poema de Valle-Inclán *Cantiga de vellos* como achado extraordinario. Poucos días despois e no mesmo xornal (*Faro de Vigo* 25-V-1984) contéstalle Antonio Odriozola sina-

³ *La Voz de Galicia* (11-I-1968)

⁴ José Ruibal. «Lo gallego en las comedias bárbaras» (*Faro de Vigo*, 23-IX-1983).

⁵ Así define, un tanto ironicamente, o profesor de Ferrol o cristobalismo... «certa tendencia que se observa en moitos galegos a cargar sobre os ombros de Galiza todos os deuses ou semideuses que se manifestaron no mundo circundante e que non son demasiado notoriamente alleos á nosa terra» (*La Voz de Galicia* 27-IV-1984)

lándolle as 16 veces que foi reproducido o poema entre 1910 e 1983 nun alarde de erudición hemerográfica. Este mesmo artigo de Odriozola aproveita para saudar a exhumación, novidosa, que acababa de facer o profesor Alonso Montero publicando o artigo (*Faro de Vigo* 4-V-1984) que don Ramón publicara sobre o banquete de Conxo en 1893 no xornal republicano *La Unión Republicana*.

A presenza constante de Valle Inclán nos xornais e nas publicacións periódicas de Galicia aumenta a partir dos anos sesenta. Hai razóns dabondo que explican este protagonismo do escritor de Vilanova. En primeiro lugar, a celebración do centenario do seu nacemento, en 1966, que posibilita unha serie de actos conmemorativos non exentos de certo espírito reivindicativo, vinculado ó seu carácter inconformista, rebelde e, tamén, ó seu talante filocomunista dos últimos anos da súa vida⁶, tal como nos fixeron presente, entre outros, J. Parrado que nunha carta necrolóxica dirixida a *Nueva Cultura* desde Santiago, en xaneiro de 1936, remata así:

«Por orden expresa del difunto no se admitieron coronas ni otras ostentaciones, a pesar, no obstante los partidos obreros, republicanos, de izquierda y galleguistas mandaron colectivamente un ramo; también el P. C. mandó otro ramo y a última hora se recibió de Madrid una gran corona del Ateneo del que era socio y Presidente de Honor. Si no hubiese tan mal tiempo, hubiese habido una gran manifestación popular hacia el hombre que en España encarnaba la lucha intelectual contra el fascismo y la guerra, al hombre que era Presidente de honor de los Comités de Ayuda, etc.

¡Lástima de fortaleza que perdemos!»

Ben é certo que non sempre a presenza de don Ramón nos medios de comunicación de

⁶ Sobre os dez últimos meses da vida de Valle e as súas actividades, podemos ler o breve artigo de Diego Bernal (*Faro de Vigo*, 6-I-1992), «Ayer se cumplió el 56 aniversario de la muerte de Valle Inclán».

Galicia, que non galegos, está motivada pola loita da construción dunha conciencia nacional. Moitas veces a anécdota protagoniza a noticia como a serie de artigos sobre o lugar de nacemento de Valle que se inicia poucos días despois do seu pasamento cun artigo de Pesqueira publicado en *El Correo Gallego* (Ferrol, 12-I-1936) e remata co incontestable argumentario de Gonzalo Allegue⁷ en 2001.

Un resumo desta cuestión das orixes e nacemento de Valle pode lerse no documentado artigo de Antonio de Odrizola⁸ do ano 1981, que recolle máis de vinte colaboracións desde 1936.

Non estiveron alleos a esta cuestión desde o citado Pesqueira, Isidoro Millán (1936), del Riego (1959), Filgueira Valverde (1955), Torrente Ballester (1966), Paz Andrade (1967), Fernández Tomás (1967), Caamaño Bournacel (1971), sen esquecer a Fernández Almagro (1943), entre outros moitos.

Ó longo do ano 1966 e 1967 desenvolve-ranse unha serie de actos, estudos, homenaxes e representacións, co motivo do centenario do seu nacemento. Son datas importantes porque marcan o comezo do recoñecemento de Valle-Inclán máis alá das fronteiras hispánicas. Non nos imos deter no inxente material hemerográfico que proporcionou esta efeméride, pero sí queremos chamar a atención sobre un artigo pouco citado pero de gran valor anticipatorio con respecto á crítica actual. Estamos a referirnos ó artigo de Salvador Poyo publicado en *Faro de Vigo* (18-II-1967) co título de «Presencia americana de Valle Inclán». O autor deste artigo destaca xa o papel e influencia que o escritor de Vilanova exerceu sobre toda a novela hispanoamericana, moi especialmente no *Señor Presidente* de Miguel Angel Asturias:

⁷ «Sobre los orígenes de Valle-Inclán. Respuesta a un mixtificador» en *Apuntes do Cantillo*, Vilanova de Arousa, 2001.

⁸ Antonio de Odrizola, «Sobre dónde y cuándo nació Valle Inclán» en *La Voz de Galicia* (18 de agosto de 1981).

«Ya lo había adivinado Vargas Vila, quien previó muy pronto que el gallego impar subyugaría a la mocedad literaria de este Continente. Guillermo de Torre, quien, en la trasmigración, abandonó sabiamente su más débil vena poética por la llena artesía [sic] crítica y profesoral ha demostrado que la repujada prosa e incluso la poesía del segundo manco de la Literatura española, gravitó sobre los excelentes y plurales novelistas de Hispano América. Puede advertirse en los más destacados en la rebeldía literaria y social.

Jorge Icaza, ecuatoriano, en *Nuestro pan*; José Mancisidor, mexicano, en *El autócrata*; Hernán Robledo, nicaragüense, en *Sangre en el Trópico*; Augusto Céspedes, boliviano, en *El metal del diablo* pero de manera tan ceñida que resulta un calco, el *Señor Presidente* del guatemalteco Miguel Angel Asturias. Jamás su “esperpento” se hubiera escrito —ni por el asunto, ni por la manera, no obstante hallarse minado de valores vernáculos, sin el *Tirano Banderas*, resplandeciente espejo cóncavo de las dictaduras hispanoamericanas que el genio sarcástico de Valle-Inclán — superior a veces al modelo quevedesco— compuso, con más crudo realismo que si fuera un biógrafo nacido en aquesta orilla.»

Polo demais, un bo número de artigos conmemorativos destes anos sesenta e seis e sesenta e sete, abundan en tópicos, centrándose exclusivamente no seu teatro e lamentando o esquecemento do escritor.

A partir de 1967 desátase unha polémica estatística motivada polo derrubo do busto monumental que, obra do artista Prieto Coussent, estaba no monte da Curotiña na Pobra do Caramiñal, despois dunha singratura de desazóns e desamor.

A noticia do derrubo sae nos xornais o día 17 de decembro de 1967 e de seguido, o día 20 do mesmo mes o xornal *Faro de Vigo* publica unha carta de Carlos del Valle-Inclán dirixida ó seu director, nese momento Álvaro Cunqueiro, rectificando a noticia anterior do mesmo xornal porque sinalaba a Filgueira Valverde como autor da doazón do busto ó

concello da Pobra do Caramiñal. Tal honra pertence, según o fillo de don Ramón, ó alcalde de Pontevedra no ano 1954, don Juan Argenti Navajas, sendo recibido á súa vez polo alcalde da vila arousá, don Atilano Lamas. A devandita carta, breve, remata cunha ferinte postdata acusatoria e chea de ironía:

«Tal vez sería interesante para tus lectores, aclarar si el derribo de la estatua ha sido causado por el viento, cosa difícil si “pesa más de tres mil kilos”, o se debe al mancomunado esfuerzo de quienes piensan hoy, aunque no lo digan con tanta claridad, lo mismo que el poeta Manuel Antonio, quien, en 1922, proclamó a Valle-Inclán, por escribir en castellano: “GRAN PONTÍFICE DA VALDEIREZA Y [sic] MAESTRO DA XUVENTUDE IMBECIL DE GALICIA”»

Méndez Ferrín tense referido a este suceso e ós seus ecos nos xornais en distintas ocasións; a última, un artigo no *Faro de Vigo* (luns,13-X-03) co título de «Valleinclanismo activo»:

«Ao pouco tempo e en escuras circunstancias, a estatua evaporouse unha noite para reaparecer, desmontada, na Pobra do Caramiñal e, algún tempo máis tarde, ser volta a erixir nun dos montes da Barbanza. Mais como había aínda quen odiaba a Valle en 1966, un día calquera a cabeza do Mestre apareceu derrubada e o pedestal foi dado por desaparecido. Houbera grande escándalo. En *Primer Acto* e en *Triunfo* díronlle ao asunto estado de alarma nos circuitos da esquerda española. En Galicia, Carlos Valle Inclán denunciou, nunha carta no FARO de contido delirante, ó nacionalismo galego como autor do atentado. Álvaro Cunqueiro, asustado, vetou a polémica nas páxinas do noso xornal. ¡Puro esperpento!»

Pero a viaxe de Pontevedra a Pobra, en barco, ata chegar ó monte da Curotiña estivo marcada tamén por numerosos atrancos que nos relata así a revista *Triunfo* que deu gran importancia ó suceso enviando a un corresponsal á Pobra. Deste xeito relata polo miúdo

todas as circunstancias sen renunciar a dar os nomes concretos dos responsables da desaparición inicial do pedestal desaparecido xa antes da ubicación do busto na Curotiña:

«Esta es la historia de un pedestal cuyo noble destino (sostener el busto de don Ramón María del Valle-Inclán) fue torcido por voluntad de un señor. [...]

El expediente del ayuntamiento de Puebla del Caramiñal se titula así: “Para averiguar el paradero de las piedras del pedestal de la estatua de don Ramón del Valle-Inclán, donada en el año 1954 por el Ayuntamiento de Pontevedra a este de Puebla del Caramiñal, y personas responsables de su desaparición”

En 1954, el Ayuntamiento de Pontevedra —era alcalde don Juan Argenti Navajas— regaló al de Puebla la estatua y el pedestal que se levantaban en los jardines de Vicenti desde 1936. Era obra de Prieto Cousén, profesor de dibujo de Tuy y pintor. El monumento fue transportado por barco hasta Puebla. Busto, plinto y bloques del pedestal fueron depositados en el Pantalán, rampa que conduce al mar. Junto a la Lonja Vieja quedaron las piezas hasta 1960. Seis años de incuria.

Un buen día el cantero Antonio Santos González, de setenta y tres años, al ir a recoger unas piedras que necesitaba para los trabajos de una cañería, en el lavadero del río Castelo, observó que unos canteros estaban cortando las piedras del pedestal, y al día siguiente comprobó que las piedras habían desaparecido. Los canteros eran José García Castiñeiras, de sesenta y un años, y Pascual Dávila. Este no vive ya. Aquel declaró en su día que el entonces alcalde de Puebla, don Rogelio Bandín Villoch, les había mandado cargar las piedras que estaban en el Pantalán para llevarlas a la fábrica propiedad de los Bandín. No recuerda si las transportaron en camión o carro, ni recuerda la fecha. En los Arenales, y por orden del alcalde, partieron cada pieza de granito en dos. No se sabe más.

Aquí se hace la noche. El rumor público da como seguro que una de las dos piezas fue a parar al fondo de la bahía, y fuentes autorizadas suponen que sirve como “muerto”, es decir, como amarre de barcos. [...]

Entre tanto, el busto yacía en el barrio marinero, castigado por las pedradas de la chiquillería, mirando con los redondos lentes hacia el cielo, el rostro ya desnarigado. En 1966, el nuevo alcalde, don Atilano Lamas, tiene un gesto piadoso. Lo recoge y traslada a las inmediaciones del grupo escolar de Puebla, y a mediados de 1967 lo traslada al monte Curotiña»⁹

O relato da revista *Triunfo*, que xa lle adicara con anterioridade outros artigos ó tema¹⁰ desperta respostas iradas dalgúns lectores galegos por non lle ter dado máis tratamento os xornais galegos ó sucesos:

«En varias ocasiones desapareció el pedestal de la estatua de Valle-Inclán en el Curotiña. Y la prensa le dio muy poca importancia. Por ello me parece que ustedes, los periodistas gallegos, deberían sentirse un poco avergonzados que tenga que ser la prensa nacional la que descubra estos reprobables hechos. ¿O es que en Galicia no le damos tanta categoría a Valle como le dan unánimemente en todo el mundo?»¹¹

O acontecemento aínda moitos anos máis tarde cóntase, na pruma de Ferrín, entre os esperpentos protagonizados por Valle despois de morto:

«Máis tarde veu a peregrinaxe da magnífica caricatura en pedra que, durante a República, lle fixeran Prieto Coussent e os seus alumnos de Tui, entre eles Álvaro Álvarez Blázquez: botárona da cidade episcopal e foi parar ás Palmeiras de Pontevedra, expulsárona de alí e forona levar ó alto da Curota, na Barbanza, onde non podía dar maus exemplos. Finalmente apareceu derrubada. Escándalo en España promovido por *Triunfo*, revista do corazón (do noso, digo)»¹²

⁹ «Valle, el alcalde y su pueblo» en *Triunfo* (nº 388 de 8-XI-1969).

¹⁰ «Historia de un pedestal» (14-VI-1969) e «El monumento a Valle-Inclán» (21-VI-1969).

¹¹ *La Voz de Galicia* (25-VI-1969).

¹² Méndez Ferrín, «Esperpento en Vilanova» (*Faro de Vigo*, 9-XII-1991).

Pero a crónica da estatística valleinclanesca non remata con este esperpento representado na Pobra senón que ten continuidade noutros espacios. Así, no ano 1973 dáse a noticia da descuberta dunha estatua de Valle-Inclán en Madrid, obra do escultor Francisco de Toledo, nestes termos:

«Una estatua dedicada al escritor Ramón María del Valle-Inclán ha sido descubierta hoy en el Paseo de Calvo Sotelo, frente a la Biblioteca Nacional y de espaldas al café “Gijón”. La estatua ha sido ofrecida al pueblo madrileño por el Círculo de Bellas Artes. Al acto asistieron el alcalde accidental, Jesús Suevos; presidente del citado círculo, Joaquín Calvo Sotelo, el hijo del ilustre escritor, doctor Carlos del Valle-Inclán...»¹³

E mentras nas súas intervencións todos sinalaron a orixe galega do escritor homenaxeado, o seu fillo manifesta «que don Ramón era esencialmente madrileño, recordando que hacía ya 75 años cuando el escritor pisó por primera vez Madrid. El —dijo— no quiso ser nunca un escritor regionalista, sino un escritor castellano, al que llevó los modos regionalistas.»

De moi distinta orientación foi a inauguración que se levou a cabo en Santiago de Compostela dun monumento a Valle, realizado por César Lombra e situado no Paseo dos Leóns, na Alameda. Neste acto o alcalde Santiago fixo fe de valleinclanismo ó proclamar a don Ramón «como referencia inexcusable para saber lo que es Galicia».¹⁴

Pero a polémica, case batalla, porque Valle en Galicia non deixa indiferente a ninguén, máis longa é a que se libra arredor da posible tradución ó galego da súa obra teatral para ser representada polo Centro Dramático Galego. Tivo esta agre disputa un prólogo breve no ano 1984 cando o daquela director

¹³ *La Voz de Galicia* (7-VII-1973)

¹⁴ *Faro de Vigo* (11-I-1999).

xeral de Cultura, Luís Álvarez Pousa, fai xestións diante da familia de Valle para poder traducir ó galego *Divinas Palabras*; a resposta do seu fillo Carlos, sempre no miolo da cuestión, está recollida así na crónica xornalística:

«El hijo de Valle-Inclán se mantuvo, sin embargo, inamovible en su posición de principio de que ninguna obra sería vertida a la lengua gallega.

Afirmó que su padre en casa nunca habló en gallego y que si hubiera querido que sus obras se representasen en gallego las hubiera escrito en esta lengua»¹⁵

Pero será no ano 1998 cando o Centro Dramático programa a representación conxunta, en castelán, dos textos *Las galas del difunto*, *La cabeza del Bautista*, *Ligazón* e *El embrujado*, cando se arrice a polémica ata provocar un cisma na Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena.

O tríptico que, como adoita facer, publica o Centro Dramático Galego para a representación recolle un fragmento, traducido ó galego, da conferencia de Castelao de 1939 na Habana:

«... Pero don Ramón del Valle era entrañablemente galego, ata cando se mostraba afastado das nosas preocupacións ou reaccionaba contra as figuras representativas da nosa política ou da nosa cultura...»

A liorta hemerográfica estaba avalada polo esperpento social que se chegou a crear, por exemplo, o día do estreno en Santiago, con Isaac Díaz Pardo entre os invitados oficiais presenciando o espectáculo e o seu amigo Avelino Pousa lendo un manifesto contrario moi preto do lugar do estreno.

O proxecto da representación en castelá de Valle, previsto o estreno para o mes de outubro, preséntase en Santiago o día 27 de marzo, aproveitando a celebración do Día

Internacional do Teatro. Asisten o Conselleiro de Cultura Pérez Varela e o Director do Centro Dramático Manuel Guede que xustifican a representación futura como unha excepción, samente posibilitada pola madureza do teatro galego, capacitado para unha obra desta importancia.

Paralelamente, un manifesto en contra da representación sae nos medios de comunicación asinado por máis de 250 escritores e intelectuais, entre os que figuran Bernardino Graña, Méndez Ferrín, Miguel Anxo Prado, Suso de Toro, Manuel Rivas, Vidal Bolaño, Antón Santamarina, etc.

Non faltan, con pretensión de centrismo cultural, xoias deste tipo: un deputado propón que sexa o Ministerio de Cultura de Madrid quen financie a representación en castelán de Valle, para a seguido dicir:

«... en nuestro país existe una creación cultural de expresión castellana que debemos reivindicar, nunca excluir. Tal es el caso de la personalidad literaria de Ramón M^a del Valle Inclán, gallego universal, que debemos reivindicar e integrar en nuestra realidad cultural».

Sucederase as lecturas paralelas ás representacións en galego por parte de coñecidos escritores e intelectuais, artigos numerosos, debates e divisións que chegarán ata finais do ano 1998.

Ferrín, protagonista con catro artigos e presenza en lecturas e manifestos, lanza nun deles este reto:

«Na realidade a pregunta é estoutra: qué Valle será máis Valle e cál terá máis calidade, ¿o do CDG en castelán, representado sobre un depósito de millóns de pesetas, ou o lido paralelamente en galego sen máis respaldo económico que a dignidade?»

Vostedes poderán ver, ouvir, xulgar, en breve. Estou seguro de que asistirán ao estrepitoso fracaso da política cultural do PP e dos mercenarios que, con dificultades, el recruta a estes efectos.»

¹⁵ *La Voz de Galicia* (17-IV-1984)



VILANOVA DE AROUSA
A
RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN




CONCELLO DE
VILANOVA DE AROUSA



**CAIXA
GALICIA**

REPSOL
YPF



PREMIOS

DEPUTACIÓN DA CORUÑA



PREMIO DE ENSAIO "MANUEL MURGUÍA"

Admisión de orixinais ata: 30 de setembro de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €



VI PREMIO DE FOTOGRAFÍA "LUIS KSADO"

Admisión de orixinais ata: 30 de setembro de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €



PREMIO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL "RAÑA LUPA"

Admisión de orixinais ata: 16 de agosto de 2004

PREMIO DOTADO CON 6.050 €

Asociación "Amigos de Valle-Inclán"

Servicio de Publicacións

Solicitud de suscripción anual ó SERVICIO DE PUBLICACIÓNs correspondente o ano 2004

TÍTULOS:

Revista:

Cuadrante nº8 (Xaneiro 2004)

Cuadrante nº9 (Xullo 2004)

Libros:

JAVIER SERRANO: *El Arte del Elogio. Eduardo Gómez de Baquero, Andrenio, lector ideal de Ramón del Valle-Inclán*

VICTOR VIANA: *Los otros Valle*

Importe da suscripción a estas publicacións: 30 euros

(As publicacións enviaranse ó longo do ano conforme se publiquen)



**Boletín de suscripción
SERVICIO DE PUBLICACIÓNs**



- Desexo suscribirme ás publicacións do ano 2004 do Servicio de Publicacións da Asociación "Amigos de Valle-Inclán" polo importe de 30 euros (incluidos os gastos de envío)

Nome:

Enderezo:

Código Postal:.....Localidade

Provincia.....Teléfono

FORMA DE PAGO:

Talón bancario

xiro postal nº

Domiciliación bancaria: Titular.....

Banco/Caixa:

Nº conta (20 díxitos):

Asinado:.....




Vilanova de Arousa

CUADRANTE

Revista de Estudos Valleinclanianos e Históricos

ISSN 1698-3971



9 771698 397000

P.V.P.

5 €